




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA



Axencia Tributaria
de **Galicia**

IMPOSTO SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓN

ADQUISICIÓN MORTIS CAUSA

Declaración de bens

**INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O
MODELO**

Modelo D650



NOTA: As seguintes instrucións recollen a normativa vixente a partires do 1/01/2016. Se se trata de aplicar a normativa anterior a esta data poderá consultar o modelo vixente ata 31/12/2015 na web www.atriga.es → sucesións e doazóns → Formularios asociados.

NORMATIVA

A normativa de aplicación en materia do imposto sobre sucesións e doazóns no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia é a seguinte:

- Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.
- Real Decreto 1629/1991, do 8 de novembro, polo que se aproba o regulamento do imposto sobre sucesións e doazóns.
- Decreto Legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado.

QUEN DEBE UTILIZAR OS MODELOS D650 E 650?

Os modelos D650 e 650 de Galicia utilizaranse polos contribuíntes obrigados a declarar polo imposto sobre sucesións, sempre que o sexa por obriga persoal e o causante tivera a súa residencia habitual nesta Comunidade á data da devindicación.

O suxeito pasivo comunicarlle á Administración tributaria a relación de bens do causante cubrindo o modelo D650, determinará a participación individual de cada herdeiro, aplicará a normativa do imposto e determinará a débeda tributaria, cubrindo tantos modelos 650 como suxeitos pasivos, ingresando o importe resultante no momento da presentación.

Están obrigados a presentar este imposto:

A) Por obriga persoal

As persoas físicas que teñan a súa residencia habitual en territorio español, así como os representantes e funcionarios do Estado español no estranxeiro están obrigados a presentar autoliquidación por este imposto polos bens e dereitos que adquiran por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio.

Así mesmo, están suxeitas as cantidades que se perciban polos beneficiarios de contratos de seguro de vida, para o caso de falecemento do asegurado, cando o contratante sexa distinto do beneficiario, agás os supostos expresamente regulados no artigo 17.2.a) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

B) Por obriga real

As persoas físicas que non teñan a súa residencia habitual en territorio español están obrigadas a presentar declaración ou autoliquidación deste imposto polos bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza, que estivesen situados, puidesen exercerse ou deberan cumprirse en territorio español, adquiridos por herdanza, legado ou calquera outro título sucesorio. Así mesmo, están suxeitas as cantidades percibidas polos beneficiarios de contratos de seguros de vida cando, sendo o perceptor non residente, o contrato se asinase en España con calquera compañía aseguradora ou cando a compañía aseguradora sexa española, calquera que sexa o lugar de realización do contrato. Os suxeitos pasivos por obriga real virán obrigados a designar unha persoa con residencia en España para que os represente ante a Administración tributaria en relación coas súas obrigas por este imposto. Os suxeitos pasivos por obriga real presentarán a súa declaración por este imposto ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria empregando os modelos aprobados pola mesma.

Residencia habitual

Para os efectos deste imposto entenderase que unha persoa física ten a súa residencia habitual nunha Comunidade Autónoma cando permaneza no seu territorio un maior número de días do período dos cinco anos inmediatos anteriores, contados de data a data, que finalice o día anterior ao de devindicación.

Para determinar o período de permanencia computaranse as ausencias temporais. Salvo proba en contrario, considerarase que unha persoa física permanece no territorio dunha Comunidade Autónoma cando no devandito territorio radique a súa vivenda habitual, definíndose esta conforme o disposto na disposición transitoria duodécima do Real Decreto 439/2007, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro.

Cando non fóra posible determinar a permanencia segundo o indicado anteriormente, rexerá o territorio da Comunidade Autónoma onde o suxeito pasivo teña o seu principal centro de intereses, considerándose como tal o territorio onde obteña a maior parte da base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas, determinada, polos compoñentes de renda relacionados no artigo 28.2 da Lei 22/2009, de 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias. Cando non se poida determinar a residencia conforme os criterios anteriores, consideraranse residentes no lugar da súa última residencia declarada para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ESIXIDA

Presentarase **un único modelo D650 por herdanza** xunto con **tantos modelos 650 de autoliquidación como suxeitos pasivos**. Todos os modelos que se refiran á mesma sucesión se introducirán no sobre incluíndo a seguinte documentación:

- a) Certificacións de defunción do causante e do Rexistro Xeral de Actos de Última Vontade.
- b) Copia autorizada das disposicións testamentarias se as houberse ou, de ser o caso, testemuño da declaración xudicial de herdeiros. No caso de sucesión intestada, se non se fixo a declaración xudicial de herdeiros, presentarase a relación dos presuntos con expresión do seu parentesco co causante na "relación de suxeitos pasivos interesados na sucesión" que figura como anexo.
- c) Un exemplar dos contratos de seguro concertados polo causante (ou dos que sexa asegurado no caso de seguros colectivos) e certificación expedida pola entidade aseguradora, mesmo cando fosen obxecto, con anterioridade, de liquidación parcial.
- d) Xustificación documental das cargas, gravames, débedas e gastos dos cales se solicite dedución, da idade dos habente-cause menores de 25 anos, así como, se o caso, dos saldos de contas en entidades financeiras, do valor teórico das participacións no capital de entidades xurídicas das cales os títulos non coticen en Bolsa e do título de adquisición polo causante dos bens inmobles, así como a ficha técnica dos vehículos, embarcacións e aeronaves incluídos na sucesión.
- e) Relación do seu patrimonio preexistente na data de devindicación do imposto, valorado de acordo coas normas do imposto sobre o patrimonio. Esta declaración poderá substituírse por unha copia da que corresponda ao devandito imposto polo exercicio anterior ao falecemento se este tivese lugar unha vez finalizado o prazo establecido para a súa presentación ou, noutro caso, pola do inmediato anterior, facendo, en ambos os dous casos, indicación das modificacións que nela procedan para adaptala á situación patrimonial vixente no momento de devindicación do imposto sobre sucesións e doazóns.

Cando o patrimonio preexistente do suxeito pasivo estea comprendido no primeiro tramo (0 a 402.678,11 euros) ou no último tramo (máis de 4.020.770,98 euros), abondará con facelo figurar no correspondente recadro do modelo.

- f) Copia do último recibo do imposto sobre bens inmobles (IBI) ou, de non existir, certificación catastral do inmovible.
- g) Fotocopia dos NIF de causante e suxeitos pasivos.
- h) Se cubre o recadro do representante, deberá achegar no momento da presentación, un documento que acredite o outorgamento da devandita representación.

LUGAR DE PRESENTACIÓN

As autoliquidacións presentaranse en calquera Delegación da Axencia Tributaria de Galicia ou nas oficinas de distrito hipotecario de Galicia, cando o causante tivese a súa residencia habitual nesta Comunidade Autónoma e o suxeito pasivo non fose contribuínte por obriga real.

Se o causante non tivese residencia habitual en España ou se trate de suxeitos pasivos por obriga real, a declaración ou autoliquidación presentarase na delegación especial da AEAT de Madrid.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación é de seis meses contados desde o día de falecemento do causante ou desde aquel en que adquira firmeza a declaración de falecemento. Igualmente, no caso de pactos sucesorios galegos previstos na Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, o prazo de seis meses contará dende o outorgamento da escritura.

Cando se trate dunha extinción do usufruto por causa distinta á do falecemento do usufrutuario, o prazo de presentación é de trinta días hábiles, contados dende o seguinte a aquel en que se produza a extinción do usufruto, tendo en conta o disposto no artigo 51 do Real Decreto 1629/1991, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre sucesións e doazóns.

RELACIÓN DE BENS QUE INTEGRAN A MASA HEREDITARIA

Formalizarase **unha única relación de bens por herdanza (modelo D650)**, acompañada dos modelos 650 individuais polos suxeitos pasivos.

PARTICIPACIÓN INDIVIDUAL E AUTOLIQUIDACIÓN

Formalizarase unha por suxeito pasivo, de modo que se autoliquidarán tantas participacións individuais (modelo 650) como suxeitos pasivos interesados na sucesión. Cada autoliquidación introducirase nun sobre individual, e todas elas, xunto cunha única relación de bens que integran a masa hereditaria (modelo D650) introduciranse no sobre principal.

INSTRUCCIONS PARA O MODELO D650 DE DECLARACIÓN DE BENS

NORMAS COMÚNS A TODAS AS PÁXINAS

1. As cifras indicaranse en euros.
2. Cubrirase a máquina. De non ser posible, utilizaranse letras maiúsculas e bolígrafo sobre superficie dura.
3. En todas as páxinas da relación de bens figurará o NIF/DNI e os apelidos e nome do causante.

IMPORTANTE: nos epígrafes “valor” para cantidade a consignar referirase á parte do ben que se transmite. (Exemplo: se se trata dun ben ganancial do que se transmite a metade correspondente ao causante, se o seu valor total é de 6.010,12 euros consignarase a metade do devandito valor: 3.005,06 euros).

PÁXINA 1

Delegación de Axencia Tributaria de Galicia e Oficina Liquidadora.

Consigne a Delegación da Axencia Tributaria de Galicia e, se é o caso, a Oficina Liquidadora que sexa competente.

Devindicación.

Consigne a data de falecemento do causante, salvo no caso de apartación ou pacto de mellora, que se consignará a data da escritura pública e no caso de consolidación de dominio que se consignará a data de extinción do usufruto.

Causante, representante e suxeitos pasivos.

Cubra os datos de identificación do suxeito pasivo.

Se cobre o apartado do representante deberá achegar no momento da presentación, un documento que acredite o outorgamento da devandita representación. Dispón dun modelo na páxina web www.atriga.es.

Se son varios suxeitos pasivos indicárase o número e cubriñanse os anexos.

No caso de consolidación do dominio por extinción do usufruto consignarase os datos do nu propietario que consolide o dominio na epígrafe “Suxeito pasivo”, e na epígrafe “Causante” incluíranse os da persoa da que a transmisión lucrativa deu orixe á constitución do usufruto.

No recadro “Grupo” consignarase o número do grupo que corresponda ao suxeito pasivo, dos que se relacionan a continuación:

- Grupo I: Descendentes e adoptados menores de vinte e un anos.
- Grupo II: Descendentes e adoptados de vinte e un ou máis anos, cónxuxes, ascendentes e adoptantes.
- Grupo III: Colaterais de segundo grao (irmáns) e terceiro grao (sobriños, tíos), e ascendentes e descendentes por afinidade.
- Grupo IV: Colaterais de cuarto grao (primos), graos máis afastados e estraños.

No recadro “**Discapacidade**”, marque cunha “X” se o suxeito pasivo ten un grao de discapacidade física, psíquica ou sensorial igual ou superior ao 33 por 100 ou ao 65 por 100, de acordo co baremo a que se refire o artigo 367 do Texto refundido da lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 do outubro.

O grao de minusvalidez deberá acreditarse mediante certificado ou resolución expedido polo órgano competente. En particular, considerarase acreditado un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por 100 no caso dos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez e no caso dos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Igualmente, considerarase acreditado un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por 100, cando se trate de persoas cuxa incapacidade sexa declarada xudicialmente, aínda que non alcance o devandito grao, así como nos casos de dependencia severa e gran dependencia, sempre que estas últimas situacións sexan recoñecidas polo órgano competente, de acordo co establecido no artigo 28 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

No recadro “**Patrimonio preexistente**” farase constar o tramo en que estea comprendido o patrimonio do suxeito pasivo na data de devindicación do imposto. Os tramos vixentes son:

- 1.º tramo: De 0 a 402.678,11 euros.
- 2.º tramo: De máis de 402.678,11 euros a 2.007.380,43 euros.
- 3.º tramo: De máis de 2.007.380,43 euros a 4.020.770,98 euros.
- 4.º tramo: De máis de 4.020.770,98 euros.

Título sucesorio.

Marque cunha “X” o título sucesorio de que se trate: herdanza, legado, apartación ou pacto de mellora. Cabe consignar no recadro “Outros”: doazón mortis causa; seguros de vida percibidos por estraños non herdeiros; contratos ou pactos sucesorios (excluída apartación e o pacto de mellora); as cantidades asignadas polos testadores aos testamenteiros sempre que excedan do establecido por uso ou costume, ou do 10 por 100 do valor da masa hereditaria; a percepción de cantidades que as entidades entreguen aos familiares dos empregados falecidos, salvo as derivadas de seguros de vida para o caso de falecemento, ou as que deban tributar por IRPF.

Consolidación de dominio.

Marque cunha “X” cando, ao extinguirse un dereito de usufruto, se proceda a liquidar a consolidación do dominio no primeiro ou sucesivos nus propietarios.

No recadro “**N.º NIF usufrutuário**” deberá cubrir o NIF da persoa titular do usufruto que coa súa extinción da lugar á consolidación de dominio.

No recadro “**N.º de expediente**” deberá cubrir o correspondente á declaración de adquisición da núa propiedade.

Declaración parcial ou complementaria.

Sinale cun “X” cando se trate dunha declaración parcial ou complementaria.

Os suxeitos pasivos poden **autoliquidar parcialmente** coa finalidade de cobrar seguros de vida, créditos do causante, haberes devengados e non percibidos, e retirar bens, valores, efectos ou cartos que se atopen en depósito ou noutros supostos análogos recollidos regulamentariamente. Sobre o valor dos bens aplicarase directamente a tarifa e os coeficientes multiplicadores, sen practicar redución ningunha, agás nos casos de autoliquidacións parciais que se practiquen para o cobramento de seguros de vida de calquera tipo, que se terán en conta as reducións previstas no artigo 20 da Lei do imposto, cos requisitos e límites establecidos nel.

Os suxeitos pasivos poden tamén presentar autoliquidacións complementarias a unha anterior, dentro ou fóra do prazo regulamentario.

No recadro “N.º expediente” deberá poñer o correspondente á declaración que se complementa.

Non esqueza poñer a data e asinar o documento de declaración.

PÁXINA 2 - PÁXINA 3

Epígrafe A. Bens inmobles.

Consignarase o valor real dos bens inmobles dos cales a titularidade corresponda ao causante, e formen parte da masa hereditaria, agás os afectos a actividades empresariais ou profesionais. No epígrafe A₁ relacionaranse os bens inmobles rústicos e no epígrafe A₂ os bens inmobles urbanos.

INMOBLES URBANOS		INMOBLES RÚSTICOS			
CÓDIGO	USO	CÓDIGO	CULTIVO	CÓDIGO	SITUACIÓN
CO	Comercial	C	Labrado, prado	IN	Interior (sen acceso)
GA	Garaxe	V	Viña	PT	Carreiro sen asfaltar
IN	Industrial	MM	Monte madeirable	CV	Camiño
OF	Oficina	MT	Monte baixo	CC	Vía asfaltada
S	Solar	MT0	Solo urbanizable sen desenvolver	CG	Estrada principal
TE	Terraza	SUN	Solo de núcleo rural	NP	Núcleo poboado (aldea)
TR	Rocho	C0	Solo rústico edificado		
VA	Vivenda agrícola				
VI	Vivenda				

Se desexa coñecer o valor real dos bens inmobles, pode obtelo do seguinte xeito:

- Se polas características do ben este pode ser valorado por calquera dos medios de comprobación previstos nas letras b) ou c) do artigo 57 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria conforme o disposto na Orde que regula os medios de comprobación do valor dos bens inmobles ditada pola Comunidade Autónoma de Galicia, vostede ten á súa disposición unha ferramenta adaptada á mesma no sitio web www.atriga.es, na Oficina Virtual.
- No caso de que se trate de bens excluídos de ser valorados polos medios de comprobación previstos nas letras b) ou c) do artigo 57 da lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria conforme o disposto na Orde que regula os medios de comprobación do valor dos bens inmobles ditada pola Comunidade Autónoma de Galicia, se vostede desexa solicitar a valoración directamente, poderá facelo dirixíndose á unidade de valoración da Axencia Tributaria de Galicia que sexa competente segundo a situación do ben. A dita solicitude deberá facela empregando os formularios á súa disposición en www.atriga.es no menú de Información ao Contribuínte>>Documentos>>Formulario para a solicitude de valoración previa de bens inmobles. Deberá estar acompañada do xustificante

de aboamento da taxa correspondente segundo o disposto no artigo 26 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo.

PÁXINA 3 - PÁXINA 4 - PÁXINA 5

Epígrafe B. Bens e dereitos afectos a actividades empresariais e profesionais.

No epígrafe B₁ relacionaranse todos os bens e dereitos afectos á actividade, agás os inmobles, que se detallarán no epígrafe B₂ os rústicos e no B₃ os urbanos. Non obstante, incluíranse no epígrafe B₁ os bens inmobles que formen parte do activo circulante de actividades empresariais cando o seu obxecto sexa a construción ou a promoción inmobiliaria.

No epígrafe B₄ relacionaranse as débedas afectas á actividade empresarial ou profesional.

PÁXINA 5

Epígrafe C. Depósitos en conta corrente ou de aforro, á vista ou a prazo, contas financeiras e outros tipos de imposicións en conta.

Respecto de cada unha das contas, depósitos ou imposicións de que o causante fose titular consignarase a entidade de depósito, o IBAN ou número das imposicións, e o valor na data do falecemento.

PÁXINA 6

Epígrafe D. Valores representativos da cesión a terceiros de capitais propios.

Relacionaranse todos os valores representativos da cesión a terceiros de capitais propios dos cales o causante fose titular, consignando na columna N.º valores o número de cada clase de valor.

No epígrafe D₁ recolleranse aqueles admitidos a negociación en mercados organizados. No epígrafe D₂, os non negociados.

PÁXINA 7

Epígrafe E. Valores representativos da participación nos fondos propios de calquera tipo de entidade.

Deben incluírse as accións e participacións no capital social ou nos fondos propios de sociedades, fondos de investimento ou doutras entidades xurídicas, consignando na columna N.º Valores o número de cada clase de títulos.

No epígrafe E₁ recolleranse aqueles admitidos a negociación en mercados organizados. No epígrafe E₂, os non negociados.

PÁXINA 8

Epígrafe F. Xoias, peles de carácter suntuario, vehículos, embarcacións, aeronaves, obxectos de arte e antigüidades.

Debe incluírse o valor real das xoias, peles de carácter suntuario, automóviles, vehículos de dous ou tres rodas, embarcacións de recreo ou deportes náuticos, veleiros, avións, avionetas e demais aeronaves.

Se polas características do medio de transporte este entra dentro do ámbito de aplicación da orde pola que se aproban os prezos medios de venda ditada polo Ministerio de Hacienda para cada ano, ao amparo do disposto no artigo 57 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, vostede ten á súa disposición unha ferramenta adaptada á mesma no sitio web www.atriga.es, na Oficina Virtual.

Epígrafe G. Demais bens e dereitos de contido económico.

Consignaranse nesta epígrafe os bens e dereitos non incluídos nas epígrafes anteriores, como por exemplo haberes devengados e non percibidos, opcións contractuais, dereitos derivados da propiedade intelectual ou industrial non afectos a actividades económicas, empréstitos concedidos ou outros.

En particular, consignarase o dereito á percepción das cantidades que, calquera que sexa a súa denominación, entreguen as empresas aos familiares de membros ou empregados falecidos, sempre que non estea disposta expresamente a súa tributación no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Así mesmo, incluíranse as indemnizacións satisfeitas polas administracións públicas ás persoas herdeiras dos afectados da síndrome tóxica e as prestacións públicas extraordinarias por actos de terrorismo percibidas polos herdeiros.

Total valor bens e dereitos. Recadro 01.

Faga constar no recadro 01 o resultado de sumar os importes consignados nos recadros A a G.

Epígrafe H. Bens adicionais á masa hereditaria. Recadro 02.

Este epígrafe está reservado para incluír os bens que, sen ser de titularidade do causante na data do falecemento, procedería sumar á masa hereditaria.

Columna Clave de adición. Consigne algunha das seguintes claves:

- A1. Bens e dereitos adicionais por pertencer ao causante ata o ano anterior ao falecemento, salvo proba en contrario. Esta adición afectará a todos os habentes causa na mesma proporción, salvo que fidedignamente se acredite a transmisión a algunha persoa en particular; en tal caso só afectará esta, que asumirá a condición de herdeiro para efectos fiscais.
- A2. Bens e dereitos adicionais por adquirilos en usufruto e a título oneroso o causante, e en núa propiedade un herdeiro, legatario, parente dentro do terceiro grao ou cónxuxe de calquera deles ou do causante, nos tres anos anteriores ao falecemento. Esta adición afectará exclusivamente o adquirente da núa propiedade, ao que se liquidará pola transmisión “mortis causa” do pleno dominio.
- A3. Bens e dereitos adicionais por ser transmitidos polo causante a título oneroso durante os catro anos anteriores ao seu falecemento, reservándose este o usufruto ou outro dereito vitalicio, salvo cando se trate dun contrato de renda vitalicia asinado cunha entidade dedicada legalmente a este xénero de operacións. Esta adición afectará exclusivamente o adquirente da núa propiedade, ao que se liquidará pola transmisión “mortis causa” do pleno dominio.
- A4. Valores e efectos depositados dos que os xustificantes se endosasen, se con anterioridade ao falecemento do endosante non se retirasen aqueles ou tomado razón do endoso nos libros do depositario, e os valores nominativos que fosen igualmente obxecto de endoso, se a transferencia non se fixese constar nos libros da entidade emisora con antelación ao falecemento do causante, salvo proba en contrario. Esta adición afectará exclusivamente o endosario dos valores.

Exclusión das adicións: non se practicarán as adicións cando o satisfeito polo imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados sexa superior ao que correspondería pagar polo imposto sobre sucesións. De ser inferior, procede a adición, pero o suxeito pasivo ten dereito a que se lle deduza da liquidación practicada polo imposto sobre sucesións o satisfeito polo imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

PÁXINA 9

Epígrafe I. Exencións. Recadro 03.

Dá dereito a este tipo de exención a adquisición dos seguintes bens, para os cales utilizaranse as seguintes claves, que se consignarán na columna clave de exención:

- X1. Bonos de caixa dos bancos industriais ou de negocios.
- X2. Predios rústicos ou explotacións agrarias nos supostos previstos nos artigos 10.1 e 20.1 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias (artigo 10.1, adquisición de terreos

que permita completar baixo un só linde superficie abonda para constituír unha explotación prioritaria; artigo 20.1, adquisición por agricultor novo ou asalariado agrario).

As exencións correspondentes a seguros de vida reflectiranse no seu epígrafe específico.

Epígrafe J. Enxoval doméstico. Recadro 05.

O enxoval doméstico forma parte da masa hereditaria e valorarase no 3 por 100 do importe do patrimonio sucesorio do causante (valor calculado), salvo que os interesados asignen a este enxoval un valor superior, ou proben fidedignamente a súa inexistencia, ou que o seu valor é inferior ao que resulte da aplicación da referida porcentaxe (valor estimado). O valor calculado do enxoval doméstico minorarase no dos bens que por disposición do artigo 1.321 do Código civil ou disposicións de dereito civil, foral ou especial deben entregarse ao cónxuxe sobrevivente, o valor do cal se fixará no 3 por 100 do valor catastral da vivenda habitual do matrimonio.

En **Valor estimado**, consigne o valor do enxoval doméstico conforme a estimación efectuada polos interesados. (Recadro **ve**).

En **Valor calculado** proceda do seguinte xeito:

- Recadro **a**. Consigne o valor do patrimonio sucesorio, é dicir, traslade aquí o importe resultante de restar ao recadro **01** o recadro **07**.
- Recadro **b**. Consigne o resultado de aplicar o 3 por 100 ao patrimonio sucesorio, é dicir, á cantidade consignada no recadro **a** anterior.
- Recadro **c**. Consigne o valor catastral da vivenda habitual do matrimonio, no caso de que exista cónxuxe supervivente.
- Recadro **d**. Farase constar o resultado de aplicar o 3 por 100 ao valor consignado no recadro **c** anterior.
- Recadro **vc**. Consigne, no seu caso, a diferenza entre os importes relacionados nos recadros **b** e **d**.
- Recadro **05**. **Valor enxoval doméstico**. Consigne a cantidade que proceda, entre o valor estimado (recadro **ve**) e o total valor calculado (recadro **vc**), tendo en conta que o valor do enxoval doméstico será o valor calculado salvo que os interesados asignen a este enxoval un valor superior, ou proben fidedignamente a súa inexistencia ou que o seu valor é inferior ao calculado.

Epígrafe K. Cargas e gravames deducibles. Recadro 07.

Unicamente serán deducibles as cargas ou gravames de natureza perpetua, temporal ou redimibles que aparezan directamente establecidas sobre os bens e diminúan realmente o seu capital ou valor, como os censos e as pensións, sen que merezan tal consideración as que constitúan obriga persoal do adquirente nin as que, como as hipotecas e as prendas, non supoñan diminución do valor do transmitido, sen prexuízo de que as débedas que garantan poidan ser deducidas se concorren os requisitos establecidos para as débedas deducibles.

Cando non constase expresamente a duración das pensións, cargas ou gravames deducibles, considerase ilimitada.

Entenderase como valor do censo o do capital que deba entregarse para a súa redención segundo as normas do Código civil ou das lexislacións forais. O valor das pensións obterase capitalizándoas ao tipo de xuro legal do diñeiro determinado na Lei de orzamentos xerais do Estado, e tomando do capital resultante aquela parte que, segundo as regras establecidas para valorar os usufrutos, corresponda á idade do pensionista, se a pensión é vitalicia, ou a duración da pensión se é temporal.

Epígrafe L. Débedas deducibles. Recadro 08.

Poderán deducirse, con carácter xeral, as débedas que deixase contraídas o causante da sucesión sempre que a súa existencia se acredite por documento público, ou por documento privado que reúna os requisitos do artigo 1227 do Código civil ou se xustifique doutro modo a existencia de aquelas, salvo as que o fosen

a favor dos herdeiros ou dos legatarios de parte alícuota e dos cónxuxes, ascendentes, descendentes ou irmáns de aqueles, aínda que renuncien á herdanza. A Administración poderá esixir que os herdeiros ratifiquen a débeda en documento público, coa comparecencia do acredor.

En especial, serán deducibles as cantidades que deba o causante por razón de tributos do Estado, de comunidades autónomas ou de corporacións locais ou por débedas da Seguridade Social e que se satisfagan polos herdeiros, testamenteiros ou administradores da masa hereditaria, aínda que correspondan a liquidacións xiradas despois do falecemento.

PÁXINA 10

Epígrafe M. Gastos deducibles. Recadro 09.

Serán deducibles da masa hereditaria:

- a) Os gastos que, cando a testamentaría ou o abintestato adquiran carácter litixioso, se ocasionen no litixio en interese común de todos os herdeiros pola representación lexítima das devanditas testamentarías ou abintestatos, sempre que resulten debidamente probados con testemuño dos autos; e os de arbitraje, nas mesmas condicións, acreditados por testemuño das actuacións.
- b) Os gastos de última enfermidade satisfeitos polos herdeiros, en canto se xustifiquen.
- c) Os gastos de enterro e funeral en canto se xustifiquen e ata onde garden a debida proporción coa masa hereditaria, conforme aos usos e costumes de cada localidade.

Non serán deducibles os gastos que teñan a súa causa na administración do patrimonio sucesorio.

Masa hereditaria neta. Recadro 11.

Como masa hereditaria neta (recadro 11) farase constar o resultado de minorar o total valor bens e dereitos (recadro 01), bens adicionais (recadro 02) e enxoval doméstico (recadro 05), no importe das exencións (recadro 03) e deducións (recadros 07, 08 e 09). É dicir, $11 = 01 + 02 - 03 + 05 - 07 - 08 - 09$.

Epígrafe N. Relación de bens e dereitos legados ou atribuídos singularmente polo testador a determinados habentes-cause. Recadro 12.

Esta epígrafe ten por obxecto recoller os bens e dereitos atribuídos especificamente polo testador a persoas determinadas, que normalmente haberán de deducirse da masa hereditaria neta para determinar a masa hereditaria para repartir, aínda que, no seu caso, poden implicar a repartición de toda a masa.

Na **Descrición do legado** describiranse sucintamente os bens e dereitos legados, con referencia ao epígrafe da declaración e número de orde en que se fixo figurar o ben ou dereito.

No **Valor neto** farase constar o valor do ben menos as cargas que puidesen recaer sobre el ou as débedas garantidas con el e que asumirá o legatario. Para o caso do legado de bens, que non o sexan en pleno dominio, e para os efectos do cálculo numérico, teranse en conta as regras de valoración definidos na epígrafe das instrucións do modelo 650 correspondente á **PARTICIPACIÓN INDIVIDUAL-AUTOLIQUIDACIÓN**.

PÁXINA 11

Epígrafe O. Percepcións de contratos de seguro de vida. Recadro 21.

Consignaranse as cantidades percibidas polo beneficiario, así como os demais datos solicitados que fan referencia á póliza subscrita. Se se trata de rendas temporais ou vitalicias, consignarase o valor actual.

Só se sumará no recadro 21 o importe dos seguros non exentos.

Epígrafe P. Doazóns e apartacións acumulables. Recadro 22.

No caso de falecemento do doador, acumúlase á base da herdanza o valor das doazóns realizadas polo causante nos catro anos anteriores ao falecemento e o das apartacións e pactos de mellora en todo caso.

Epígrafe Q. Solicitud de reducións non aplicables de oficio.

Sinalaranse nesta epígrafe o importe de todas as reducións que os suxeitos pasivos queren solicitar. O suxeito pasivo deberá computar no recadro correspondente do modelo 650 de autoliquidación o importe de todas elas.

- Redución do 99 por 100 por adquisición de empresas individuais ou negocios profesionais e participacións en entidades sitas en Galicia (Autonómica).

Nos casos en que na base imponible dunha adquisición “mortis causa” estivese incluído o valor dunha empresa individual ou dun negocio profesional, ou de participacións en entidades ou de dereitos de usufruto sobre estes, practícarase unha redución do 99 por 100 do mencionado valor cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que o centro de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade se atope situado en Galicia, e se manteña durante os cinco anos seguintes á data de devindicación do imposto.

b) Que á data de devindicación do imposto, á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa de aplicación a exención regulada no número 8.º do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos, a participación do suxeito pasivo no capital da entidade debe ser:

- Con carácter xeral do 50 por 100 como mínimo, xa sexa de forma individual ou conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata cuarto grao da persoa falecida, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción.

- Do 5 por 100 computado de forma individual, ou do 20 por 100 conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata cuarto grao do falecido, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción, cando se trate de participacións en entidades que teñan a consideración de empresas de reducida dimensión de acordo co disposto no artigo 101 da Lei 27/2014, de 27 do novembro, do imposto sobre sociedades.

No caso de que tan só se teña dereito parcial á exención regulada no número 8.º do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, tamén será aplicable, na mesma proporción, esta redución.

c) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, do causante.

d) Que a persoa adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención no imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, de acordo co establecido nos apartados anteriores deste artigo, salvo que dentro do mencionado prazo falecese o adquirente ou transmitise a adquisición en virtude de pacto sucesorio conforme ao previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

e) Que a empresa individual ou a entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

- Redución do 95 por 100 por adquisición de empresas individuais ou negocios profesionais e participacións en entidades (Estatal).

Aplicase esta redución, nun importe do 95 por 100 da parte atribuíble ao suxeito pasivo, á adquisición de empresas individuais ou negocios profesionais e participacións en entidades ou dereitos de usufruto que recaian sobre eles aos que sexa aplicable a exención do número 8.º do artigo 4 da Lei do imposto sobre o patrimonio cando a transmisión se faga a favor de cónxuxes, descendentes ou adoptados. Cando non existan descendentes ou adoptados, a redución será de aplicación as adquisicións por ascendentes, adoptantes e colaterais ata o terceiro grao e cos mesmos requisitos recollidos anteriormente. A adquisición deberá manterse durante os dez anos seguintes ao falecemento do causante, salvo que falecese o adquirente dentro deste prazo. No caso de non se cumprir o requisito de permanencia, deberá pagarse a parte do imposto que se deixase de ingresar como consecuencia da redución practicada, e os xuros de mora, mediante a presentación de declaración complementaria.

Conforme o artigo 4 número 8.º da Lei do imposto sobre o patrimonio, están exentos:

“Un. Os bens e dereitos das persoas físicas necesarios para o desenvolvemento da súa actividade empresarial ou profesional, sempre que esta se exerza de forma habitual, persoal e directa polo suxeito pasivo e constitúa a súa principal fonte de renda.

Para os efectos do cálculo da principal fonte de renda, non se computarán nin as remuneracións das funcións de dirección que se exerzan nas entidades a que se refire o número dous deste punto, nin calquera outras remuneracións que traian a súa causa da participación nas devanditas entidades.

Tamén estarán exentos os bens e dereitos comúns a ambos os dous membros do matrimonio, cando se utilicen no desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional de calquera dos cónxuxes, sempre que se cumpran os requisitos do parágrafo anterior.

Dous. A plena propiedade, a núa propiedade e o dereito de usufruto vitalicio sobre as participacións en entidades, con ou sen cotización en mercados organizados, sempre que concorran as condicións seguintes:

a) Que a entidade, sexa ou non societaria, non teña por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario. Entenderase que unha entidade xestiona un patrimonio mobiliario ou inmobiliario e que, polo tanto, non realiza unha actividade económica cando concorran, durante máis de 90 días do exercicio social, calquera das condicións seguintes:

- Que máis da metade do seu activo estea constituído por valores ou
- Que máis da metade do seu activo non estea afecto a actividades económicas.

Para os efectos previstos nesta letra:

Para determinar se existe actividade económica ou se un elemento patrimonial se atopa afecto a ela, estarase ao disposto no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Tanto o valor do activo como o dos elementos patrimoniais non afectos a actividades económicas será o que se deduza da contabilidade, sempre que esta reflecta fielmente a verdadeira situación patrimonial da sociedade.

Para os efectos de determinar a parte do activo que está constituída por valores ou elementos patrimoniais non afectos:

1.º Non se computarán os valores seguintes:

- Os posuídos para dar cumprimento a obrigas legais e regulamentarias.
- Os que incorporen dereitos de crédito nados de relacións contractuais establecidas como consecuencia do desenvolvemento de actividades económicas.
- Os posuídos por sociedades de valores como consecuencia do exercicio da actividade constitutiva do seu obxecto.
- Os que outorguen, polo menos, o 5 por 100 dos dereitos de voto e se posúan coa finalidade de dirixir e xestionar a participación sempre que, para estes efectos, se dispoña da correspondente organización de medios materiais e persoais, e a entidade participada non estea comprendida nesta letra.

2.º Non se computarán como valores nin como elementos non afectos a actividades económicas aqueles cuxo prezo de adquisición non supere o importe dos beneficios non distribuídos obtidos pola entidade, sempre que os devanditos beneficios proveñan da realización de actividades económicas, co límite do importe dos beneficios obtidos tanto no propio ano coma nos últimos 10 anos anteriores. Para estes efectos, asimílanse aos beneficios procedentes de actividades económicas os dividendos que procedan dos valores a que se refire o último inciso do parágrafo anterior, cando os ingresos obtidos pola entidade participada procedan, polo menos no 90 por 100, da realización de actividades económicas.

b) Que a participación do suxeito pasivo no capital da entidade sexa polo menos do 5 por 100 computado de forma individual, ou do 20 por 100 conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de segundo grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción.

c) Que o suxeito pasivo exerza efectivamente funcións de dirección na entidade, percibindo por iso unha remuneración que represente máis do 50 por 100 da totalidade dos rendementos empresariais, profesionais e de traballo persoal.

Para os efectos do cálculo anterior, non se computarán entre os rendementos empresariais, profesionais e de traballo persoal, os rendementos da actividade empresarial a que se refire o número un deste apartado.

Cando a participación na entidade sexa conxunta con algunha ou algunhas persoas ás que se refire a letra anterior, as funcións de dirección e as remuneracións derivadas desta deberán de cumprirse polo menos nunha das persoas do grupo de parentesco, sen prexuízo de que todas elas teñan dereito á exención.

A exención só alcanzará ao valor das participacións, determinado conforme ás regras que se establecen no artigo 16. uno desta Lei, na parte que corresponda á proporción existente entre os activos necesarios para o exercicio da actividade empresarial ou profesional, minorados no importe das débedas derivadas desta, e o valor do patrimonio neto da entidade, aplicándose estas mesmas regras na valoración das participacións de entidades participadas para determinar o valor das da súa entidade posuidora.

Tres. Regulamentariamente determinaranse:

- a) Os requisitos que deban concorrer para que sexa aplicable a exención en canto aos bens, dereitos e débedas necesarios para o desenvolvemento dunha actividade empresarial ou profesional.
- b) As condicións que deben reunir as participacións en entidades”.

O regulamento que desenvolve esta exención é o Real Decreto 1704/1999, do 5 de novembro (BOE do 6/11/1999).

Pode consultarse a Resolución 2/1999 da Dirección Xeral de Tributos (BOE do 10/04/1999) sobre a forma de aplicación desta redución.

- Redución do 95 por 100 por adquisición de bens integrantes do patrimonio histórico ou cultural (Estatal).

Cando na base imponible correspondente a unha adquisición “mortis causa” do cónxuxe, descendentes ou adoptados da persoa falecida se inclúsen bens comprendidos nas epígrafes unha, dúas ou tres do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, en canto integrantes do patrimonio histórico español ou do patrimonio histórico ou cultural das comunidades autónomas, aplicarase, así mesmo, unha redución do 95 por 100 do seu valor, sempre que a adquisición se manteña durante os dez anos seguintes ao falecemento do causante, salvo que falecese o adquirente dentro dese prazo.

- Redución por adquisición da vivenda habitual do causante (Autonómica-Estatal mellorada).

1. - Nas adquisicións da vivenda habitual do causante, cando os adquirentes sexan descendentes ou adoptados do causante, ascendentes ou adoptantes ou ben parente colateral, por consanguinidade, practicarase, por solicitude do suxeito pasivo, unha redución cun límite de 600.000 euros aplicando a porcentaxe de redución que corresponda en función do valor real total do inmovible:

Valor real do inmovible	Porcentaxe de redución
Ata 150.000,00 euros	99%
De 150.000,01 a 300.000,00 euros	97%
Máis de 300.000,00 euros	95%

Cando a adquisición corresponda ao cónxuxe, a redución será do 100 por 100 do valor na base imponible cun límite de 600.000 euros.

No caso do parente colateral, este deberá ser maior de sesenta e cinco anos e será necesaria a convivencia co causante durante os dous anos anteriores ao falecemento.

2. - As persoas adquirentes deberán de manter a vivenda adquirida durante os 5 anos seguintes á devindicación do imposto salvo que dentro do mencionado prazo falecese o adquirente ou transmitise a vivenda en virtude de pacto sucesorio conforme ao previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

No caso de que se producise a venda da vivenda durante o indicado prazo, e a totalidade do seu importe se reinvesta na adquisición dunha vivenda situada en Galicia que constitúa ou vaia constituír a vivenda habitual do adquirente, non se perderá a redución solicitada.

3. - Cando por un mesmo transmitente se produza a transmisión de varias vivendas habituais nun ou en varios actos, por causa de morte ou por pactos sucesorios, unicamente se poderá practicar a redución por unha soa vivenda habitual.

Os conceptos de vivenda habitual e reinvestimento en vivenda habitual serán os contemplados no Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

- Redución do 99 por 100 pola adquisición dunha explotación agraria situada en Galicia e de elementos afectos (Autonómica).

1. - Cando na base imponible dunha adquisición “mortis causa” estivese incluído o valor dunha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre esta practicarase unha redución do 99 por 100 do mencionado valor cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que na data da devindicación, o causante ou o seu cónxuxe teñan a condición de agricultor/a profesional.

b) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, do causante.

c) Que a persoa adquirente manteña no seu patrimonio a explotación agraria durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a explotación en virtude de pacto sucesorio segundo o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

d) Que a explotación agraria viñese exercendo efectivamente actividades agrarias durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

2. - Cando na base imponible dunha adquisición “mortis causa” estivese incluído o valor de elementos dunha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes, practicarase unha redución do 99 por 100 do mencionado valor cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade, ata o terceiro grao inclusive, do causante.

b) Que na data da devindicación as persoas adquirentes ou seus cónxuxes teñan a condición de agricultor ou agricultora profesional en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas, e sexan titulares, ben dunha explotación agraria á cal estean afectos os elementos que se transmiten, ou ben socios dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria á que estean afectos os elementos que se transmiten.

c) Que a persoa adquirente manteña os elementos adquiridos afectos á explotación agraria durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro do mencionado prazo faleza a persoa adquirente ou transmitise os elementos en virtude de pacto sucesorio conforme ao previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

d) Que a explotación agraria viñese exercendo efectivamente actividades agrarias durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

3.- Cando na base imponible dunha adquisición mortis causa estea incluído o valor de predios rústicos situados en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes, practicarase unha redución do 99 por 100 do mencionado valor cando estes predios sexan transmitidos no prazo de seis meses polo adquirente mortis causa a quen teña a condición de persoa agricultora profesional en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas e sexan ben titulares dunha explotación agraria á cal queden afectos os elementos que se transmiten ou ben persoas socias dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria a que queden afectos os elementos que se transmiten. A transmisión poderá realizarse tamén directamente a estas últimas sociedades ou ao Banco de Terras de Galicia, cos mesmos requisitos de prazos sinalados anteriormente. O tempo de afectación dos predios ou dereitos transmitidos non poderá ser inferior a cinco anos.

Para estes efectos, equipárase a transmisión á cesión por calquera título que permita ao cesionario a ampliación da súa explotación agraria. Tamén se terá dereito á redución se os predios están xa cedidos na data de devindicación e se esta cesión se mantén nas condicións sinaladas anteriormente.

Será necesario que a explotación agraria adquirente viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

4.- Para os efectos das reducións previstas nos puntos 1, 2 e 3 anteriores, os termos de «explotación agraria», «persoa agricultora profesional», «elementos dunha explotación» e «titular da explotación» son os definidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

- *Redución por adquisición dos supostos regulados na Lei 19/1995 (Estatal).*

Consigne a porcentaxe de redución que se solicita:

90 por 100 por transmisión ou adquisición dunha explotación agraria na súa integridade do pleno dominio ou do usufruto vitalicio, a favor ou polo titular doutra explotación que sexa prioritaria ou alcance esta consideración como consecuencia da adquisición, e coa mesma non se altere a condición de prioritaria da explotación do adquirente (será do 100 por 100 no caso de continuación da explotación polo cónxuxe supérstite ou por agricultor mozo ou asalariado agrario e a transmisión ou adquisición se realice durante os cinco anos seguintes á súa primeira instalación).

75 por 100 por transmisión ou adquisición do pleno dominio ou do usufruto vitalicio dunha finca rústica ou de parte dunha explotación agraria a favor dun titular de explotación prioritaria que non perda ou que alcance esta condición como consecuencia da adquisición (85 por 100 se o adquirente é agricultor mozo ou asalariado agrario e a transmisión ou adquisición se realice durante os cinco anos seguintes á súa primeira instalación).

50 por 100 pola adquisición ou adquisición dos terreos que se realicen polos titulares de explotacións agrarias coa pretensión de completar baixo unha soa linde o 50% ao menos, da superficie dunha explotación cuxa renda unitaria estea dentro dos límites establecidos na lei.

Resultan así mesmo aplicables as reducións por transmisión “mortis causa” de superficies rústicas de dedicación forestal reguladas na disposición adicional 4.^a da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

Para acreditar as circunstancias anteriormente sinaladas será necesario presentar certificación expedido pola Consellería do Medio Rural.

- Redución do 95 por 100 pola adquisición de predios rústicos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos (Autonómica).

Cando na base imponible dunha adquisición mortis causa estivese incluído o valor de predios rústicos de dedicación forestal situados en terreos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos, e sempre que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes ou colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, do causante, practícarase unha redución do 95 por 100 do mencionado valor.

As persoas adquirentes deberán de manter os predios adquiridos durante os 5 anos seguintes á devindicación do imposto salvo que dentro do mencionado prazo faleza a persoa adquirente ou os transmita en virtude de pacto sucesorio conforme ao previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

Para acreditar a inclusión dos terreos na Rede Galega de Espazos Protexidos e a súa dedicación forestal será necesario presentar certificación expedida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

- Redución do 99 por 100 pola adquisición de predios forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica (Autonómica).

Cando na base imponible dunha adquisición mortis causa estean incluídas parcelas forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica, practícarase unha redución do 99 por 100 do valor das devanditas parcelas sempre que se manteña a propiedade polo prazo, contido nos estatutos sociais, que reste para o cumprimento do compromiso da agrupación de permanencia obrigatoria na xestión conxunta das parcelas.

Para a aplicación desta redución deberánse xuntar á declaración do imposto os xustificantes expedidos pola consellería competente en materia de medio rural que acrediten a inclusión das devanditas parcelas na agrupación de propietarios forestais.

- Redución pola adquisición de bens destinados á creación ou constitución dunha empresa ou negocio profesional (Autonómica).

Nas adquisicións mortis causa, por fillos e fillas e descendentes de calquera tipo de ben, destinado á constitución ou adquisición dunha empresa ou negocio profesional establécese unha redución do 95 por 100 da base imponible do imposto sobre sucesións e doazóns, cun límite de 118.750 euros. No caso de que o habente causa acredite un grao de minusvalía igual ou superior ao 33 %, o límite será de 237.500 euros.

Este límite é único e aplícase no caso dunha ou varias adquisicións mortis causa, sempre que sexan a favor da mesma persoa, proveñan dun ou de distintos ascendentes.

Por constitución dunha empresa ou negocio profesional entenderase o inicio do exercicio dunha actividade económica por unha persoa física ou por medio dunha das entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, ou a constitución de calquera forma de sociedade que teña como obxecto a realización dunha actividade económica, sempre que o número de socios ou partícipes non sexa superior a cinco, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

Para os efectos da aplicación da redución, entenderase producida a constitución cando se cause alta por primeira vez no censo de empresarios/as, profesionais e retedores/as como consecuencia do establecido no artigo 3.2.a) do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria. No caso de persoas xurídicas societarias ou entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, os socios ou partícipes deben ser persoas físicas que non estean ou estivesen con anterioridade de alta no citado censo.

Por adquisición dunha empresa ou negocio profesional entenderase a adquisición do pleno dominio dun conxunto patrimonial de bens e dereitos afectos ao exercicio dunha actividade económica ou a adquisición do pleno dominio de accións ou participacións que permitan o control dunha sociedade, sen que se poida considerar como tal a adquisición de elementos illados.

Para determinar se existe actividade económica e se un elemento patrimonial está afecto a unha actividade económica haberá que aterse ao disposto no imposto sobre a renda das persoas físicas, sen que a redución sexa aplicable en ningún caso á actividade de arrendamento de inmobles nin cando a actividade principal sexa a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8.º.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

Para a aplicación da redución deben cumprirse os seguintes requisitos:

a) A suma da base imponible total menos o mínimo persoal e familiar para os efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas do/a habente causa, correspondente ao último período impositivo, cuxo prazo regulamentario de declaración estivese concluído na data da devindicación da primeira transmisión hereditaria, non poderá ser superior a 30.000 euros. Na mesma data, e conforme as regras de valoración establecidas no imposto sobre o patrimonio, o patrimonio neto do/a habente causa non poderá superar o importe de 250.000 euros, excluída a súa vivenda habitual.

b) A aceptación da transmisión hereditaria deberá formalizarse en escritura pública, na cal se exprese a vontade de que, se é diñeiro se destine á constitución ou adquisición dunha empresa ou negocio profesional, e se é un ben doutra natureza, se afecte a esa actividade. Non se poderá aplicar a redución se esta declaración non consta no documento público, nin tampouco no caso de que se fagan rectificacións do documento co fin de emendar a súa omisión, salvo que se fagan dentro do período voluntario de autoliquidación do imposto.

c) A constitución ou adquisición da empresa ou do negocio profesional debe producirse no prazo de seis meses, contados desde a data de formalización da aceptación da transmisión hereditaria. No caso de haber varias, o prazo computarase desde a data da primeira. A redución non se aplicará ás transmisións hereditarias de diñeiro posteriores á constitución ou adquisición da empresa ou do negocio profesional, agás nos supostos de pagamento aprazado ou financiamento alleo para a constitución ou adquisición da empresa ou do negocio profesional que tivese lugar nos corenta e dous meses anteriores á transmisión hereditaria, sempre que se acredite que no prazo de seis meses o importe do diñeiro se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito. No caso de que se trate de bens distintos de diñeiro, a afectación do devandito ben á actividade debe producirse no prazo de seis meses, contados desde a constitución ou adquisición da empresa ou do negocio profesional, e deberá manterse por un prazo de catro anos desde a afectación. Non se entenderá que se incumpre este requisito se o ben se cambia por outro de igual ou superior valor.

d) O centro principal de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, debe atoparse situado en Galicia e manterse durante os catro anos seguintes á data de devindicación do imposto.

e) Neste período de catro anos deberanse formalizar e manter un contrato laboral e a xornada completa, cunha duración mínima de dun ano e con alta no réxime xeral da Seguridade Social, con persoas con residencia habitual en Galicia distintas do/a contribuínte que aplique a redución e dos socios e socias ou partícipes da empresa ou do negocio profesional, agás no caso de sociedades laborais e sociedades cooperativas.

f) Durante o mesmo prazo deberán manterse a actividade económica e o nivel de investimento que se tome como base da redución.

Incompatibilidade das reducións.

As reducións autonómicas, agás a da vivenda habitual, son propias da comunidade autónoma e serán incompatibles, para unha mesma adquisición, entre si e coa aplicación das reducións reguladas na Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, ou coas reguladas en leis especiais en relación con este imposto, sempre que fosen establecidas en consideración á natureza do ben obxecto daquelas.

Se deixaran de cumprir os requisitos establecidos nas reducións deberá pagarse a parte do imposto que se deixase de ingresar como consecuencia da redución practicada e os xuros de mora.

- Redución por transmisión consecutiva mortis causa.

Consigne o importe do satisfeito previamente como cota tributaria polas transmisións “mortis causa”, cando uns mesmos bens fosen obxecto de dúas ou máis transmisións “mortis causa” en favor de descendentes ou adoptados nun período máximo de 10 anos, e se proceda a liquidar a segunda ou posteriores transmisións.

Causante	_____	_____
	NIF	Apellidos e nome
Domicilio fiscal	_____	
	Rúa/Praza/Avenida. Nome da vía pública	Número
	_____	_____
	Municipio	Código postal Provincia

Contén sobres individuais

IMPOSTO SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓN



ADQUISICIÓN “MORTIS CAUSA”



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA



**Axencia Tributaria
de Galicia**

Delegación da Axencia
Tributaria de Galicia de _____

Oficina Liquidadora de
Distrito Hipotecario de _____

NON SE ESQUEZA DE INCLUÍR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN

- 1.º) Modelo D650 por causante, e tantos modelos 650 nos seus sobres individuais como suxeitos pasivos.
- 2.º) Certificado de defunción e do Rexistro Xeral de Actos de Última Vontade.
- 3.º) Testamento, testemuño, acta ou relación de herdeiros.
- 4.º) Pólizas de seguro da vida ou certificado de seguro.
- 5.º) Certificados de saldos bancarios e contas de valores.
- 6.º) Títulos de adquisición do bens polo causante.
- 7.º) Fotocopia do NIF dos suxeitos pasivos e do causante (no seu defecto o DNI).
- 8.º) Copia do último recibo do pagamento do imposto sobre bens inmobles ou, en defecto do anterior, certificado da Xerencia do Catastro que acredite a referencia catastral.
- 9.º) Se cobre o apartado do representante deberá achegar no momento da presentación, un documento que acredite o outorgamento da devandita representación.
- 10.º) Xustificantes dos gastos e débedas.
- 11.º) Os informes emitidos polas unidades de valoración presentaranse acompañando á autoliquidación; respecto das valoracións obtidas a través da páxina web, recoméndase xuntar o documento impreso na autoliquidación.